

Dáme a luz do teu canto  
Rosalía,

na noite pecha deste mar  
acedo,

que vou cara o teu reino  
e teño medo

de que se apague a voz  
que a tí me guía.

Quero esa túa clara  
melodía

onde afondeguei na dor,  
onde tan cedo

convivín coa saudade,  
mudo e quedo,

tecendo soños de  
melancolía.

E cando no solpor teña  
que ser

soño de míñ no límite do  
cero

dese infinito mar onde  
hei caer,

quiero cruzar contigo a  
noite fría.

Nin luz de faro nin  
estrela quero.

Quero a luz do teu canto,  
Rosalía.